

COMEDOR 2021-2022

Prezadas familias:

Onte, 9 de setembro, comezamos o curso e xunto con el, o comedor escolar.

Todo o alumnado comerá no comedor mesmo, posto que este curso non utilizaremos a biblioteca porque adaptamos os espazos segundo protocolos, respectando as burbullas e a distancia de seguridade.

A comida será en dúas quendas: de 14 a 14:30 - (intervalo de desinfección de 15') e de 14:45 a 15:15

HORARIO E SAÍDAS:

As/os nenas/os terán que ser recollidas/os puntualmente, xa que as cuidadoras rematan o seu horario de traballo. Isto é especialmente importante neste curso polas circunstancias derivadas da pandemia e non hai servizo de biblioteca, polo tanto non queda persoal no colexio para coidar dos nenos. As saídas serán por orde de curso, é dicir, primeiro os pequenos e logo os maiores

Rectificamos información e pedimos unha sincera desculpa polas molestias ocasionadas onte.

INFANTIL 1ro E 2do PRIMARIA: Porta 1 (porta principal xunto ao parking) de 15:30 a 15:45

3ro, 4to, 5to e 6to PRIMARIA: Porta 5 (taxis) de 15:45 a 16:00

IMPORTANTE:

os nenos/as que saian sos/soas deben traer a autorización asinada, pola contra non poderán saír. para a entrega de nenos/as á saída, é importante que completedes os datos cos autorizados para recollelos así como tamén os números de teléfono actualizados

CANLES DE COMUNICACIÓN, AVISO de NON ASITENCIA E OUTROS AVISOS:

Calquera dúbida, consulta ou suxestión rogamos fágase mediante as canles de comunicación xa coñecidos e nos horarios establecidos. * * * **Por favor evitar contactar ás monitoras do comedor e a membros do ANPA por fóra destes xa que non serán tidos en conta.** * * *

TODAS/OS USUARIAS/OS DO COMEDOR TEÑEN A OBRIGA DE AVISAR DA SÚA NON ASISTENCIA AO ANPA, ANTES DAS 9:30.

É especialmente importante que as nenas/os bolseiras/os avisen da súa non asistencia pois o Concello esixe ás ANPAS un parte de faltas. A ANPA sancionará con 2€ a ausencia reiterada de aviso a partir da segunda vez.

Recordámosvos que debedes avisar tamén ao colexio da non asistencia!!!

AS VÍAS PARA AVISAR SON: TELÉFONO 986 205 203 (QUE SERÁ ATENDIDO ENTRE AS 9:00 E AS 9:30) OU O CORREO ELECTRÓNICO anpaseisdonadalcomedor@hotmail.com

USO DA MASCARILLA

A mascarilla é obrigatoria en todo momento, salvo no momento de comer.

Cada usuaria/o de comedor recibirá unha "riñonera" con porta mascarillas, (ten que estar identificada con nome completo e curso) que deberán traer todos os días, o seu uso é necesario para evitar que a mascarilla caia ao chan, se ensucie ou ben se contamine.

Aos novos alumnos entregaremos riñoneras no transcurso das próximas semanas.

mentres tanto, traer para as mascarilla unha bolsa de peche zip.

MANDILON E MUDA

Para o alumnado de infantil, por favor traer nunha caixa de zapatos ou bolsa de tea unha muda de roupa que teña pantalón, braga ou calzón, calcetíns e un calzado. **TODO DEBE VIR MARCADO CON NOME COMPLETO E CURSO.**

As/os nenas/os de infantil levarán ao comedor o mesmo mandilón que utilizan na clase. Este mandilón levarano despois a casa para lavar. É importante que traian o mandilón limpo todos.

PREZO:

O prezo do menú para os comensais fixos e fixos discontinuos é de:

5 DÍAS 72€

4 DÍAS 59€

3 DÍAS 46€

2 DÍAS 32€

1 DÍA 17€

Este curso non se aceptarán usuarias/os “esporádicas/os” –.

BOLSEIROS:

A/O responsable: nai,pai, titor da/o alumna/o bolsreira/o deberá asinar o listado de becas. No caso de non asinala, as listas serán devoltas ao Concello sen a súa sinatura, e poderá serlle retirada a axuda.

As listas asinaranse cada tres meses, seredes avisadas/os no momento do procedemento que se seguirá para a firma das axudas.

PAGO:

O pago dos recibos do comedor farase por adiantado nos 10 primeiros días do mes. No caso de non facelo o/a neno/a non poderá seguir asistindo ó comedor.

NORMAS DE COMPORTAMENTO E DISCIPLINA:

Durante o horario do comedor as/os alumnas/os cumprirán as normas de hixiene e comportamento que establezan as coidadoras dacordo coa ANPA e aprobadas no Consello Escolar. Estas normas estarán expostas no comedor en lugar visible.

As coidadoras cubrirán diariamente un parte de incidencias de comedor e o entregarán á responsable do comedor da ANPA. En caso de faltas graves pódese perder o dereito de asistencia ao comedor previo aviso ás familias e ao Concello, caso de ser bolseiros.

DIETAS ESPECIAIS:

Para pedir un cambio no menú por motivos de saúde hai que chamar á ANPA antes das 9,30 h. En caso de alerxias con réxime especial deberán aportar un informe médico e unha autorización en conforme pode asistir ao comedor escolar